

BASES REGULADORAS DO DESFILE DE CARROZAS E COMPARSAS DO ENTROIDO 2026 DO CONCELLO DAS NEVES

1.-OBXECTO: REGULASE O PREMIO DO DESFILE DE CARROZAS E COMPARSAS:

O obxecto das presentes bases é regular o desfile de carrozas e comparsas de entroido que se celebrará nas Neves o vindeiro domingo 8 de febreiro de 2026.

2.-PARTICIPANTES

Poderán inscribirse para participar todas aquelas comparsas e/ou carrozas que cumpran os requisitos que se establecen nas presentes bases.

Só se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por Asociación ou persoa.

No caso de participación de menores de idade, deberá acompañar á solicitude unha autorización de participación asinada polo pai/nai ou titor/a, eximindo ao Concello de toda responsabilidade derivada deste incumprimento.

Modalidades:

Comparsas ou carrozas: poderán participar as comparsas e carrozas que teñan un mínimo de 10 participantes. Non hai dimensións mínimas para as carrozas.

Enténdese por carroza o vehículo preparado para a función e por comparsa o grupo de persoas que participan nesta festa popular.

3.- REQUISITOS

Mínimo de 10 participantes por comparsa ou carroza.
Unidade temática no seu vestiario.

4.-INSCRICIÓNS

Para participar no desfile é necesario inscribirse no Rexistro do Concello As Neves, de luns a venres en horario de 9:00 a 14 h ou electrónicamente as 24 horas do día. O prazo para facelo comeza o día seguinte ao da súa publicación no BOPPO de Pontevedra e remata o luns 02 de febreiro de 2026.

Os modelos de solicitude estarán dispoñibles no taboleiro de anuncios a partir do día seguinte da publicación no BOPPO.

As solicitudes presentadas fóra deste prazo non terán dereito a premio por participación, aínda que si poderán desfilar.

O Concello resérvase o dereito a reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

Para facer a inscrición, deberase achegar:

- 1.- Modelo de solicitude.
- 2.- Relación de participantes (nome, idade e documento de identidade).
- 3.- Autorización de participación dos/as menores de idade e copia do/s DNI do representante/s legal.

NO CASO DE COMPARSA OU CARROZA QUE DISPOÑA DE SEGURO DE RC, terán que presentalo e non é preciso as autorizacións de participantes (punto 3) posto que se considera que están todos incluídos en dito seguro.



- 4.- Se levan algún vehículo e/ou plataforma ou remolque, documentación dos mesmos (ITV, recibo de seguro e documentación do enganche do vehículo). O condutor deberá estar en posesión de permiso de circulación en vigor.
- 5.- C.I.F. da asociación de ser o caso.
- 6.- Certificado do número de conta bancaria.

5.- HORARIO, PERCORRIDO E ORDE NO DESFILE

O desfile de carrozas e comparsas será o domingo 8 de febreiro do 2026.

O horario de saída será as 16:30 h. Sairase a partir da rotonda do antigo Montesol, na estrada municipal e percorrerase as rúas Entrecíns e Marquesa do Pazo para finalizar na Praza Maior.

O Concello resérvase o dereito a modificar o día, a hora e/ou o percorrido do desfile.

A orde das carrozas e comparsas participantes no desfile será decidida polo Concello. Cada comparsa terá un distintivo co seu nome, número de orde e número de compoñentes visible na parte frontal da súa carroza.

Durante o desfile queda prohibido o uso de petardos, “sprays”, ou lanzamento de obxectos perigosos ao público, ademais de levar calquera tipo de animal na comparsa. Estes poderán levarse na carroza cumprindo sempre coas medidas de seguridade e hixiene precisas.

A organización comprobará o número de participantes á hora da saída do desfile. No caso de incumprimento dalgún dos requisitos ou número de participantes perderán o premio de participación.

En caso de choiva a organización resérvase poder cambiar o día e hora do desfile. As carrozas ou comparsas que leven son deberán apagalo ao chegar á zona de estacionamento e non se poderá acender ata a hora de saída.

6.-PREMIOS. Premios á Participación

As carrozas compostas de un mínimo 10 membros e máximo de 30 membros: O importe a percibir será de 150 €.

As carrozas con máis de 30 membros o importe a percibir será de 200 €.

As comparsas terán que estar compostas cun mínimo 10 membros: O importe a percibir será de 50 €.

Entregaranse premios a todas as comparsas ou carrozas ata que se esgote o crédito orzamentario de 2.000 euros da partida orzamentaria 3380.48 do Concello As Neves, por rigorosa orde de inscrición. Entenderase por data de inscrición a data en que teña a documentación completa.

O día do desfile entregarase un xustificante do premio, que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello, para poder proceder ao pago.

O Concello, procederá a ingresar na conta designada pola persoa premiada, o importe do premio.



7.- PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

O Concello resérvase o dereito de captación e difusión de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

9.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán publicadas no BOPPO, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello e na súa sede electrónica. Farase referencia ás mesmas nos carteis e nos medios de comunicación habituais. O prazo de inscrición comeza o día seguinte da publicación destas bases no BOPPO.



ANEXOS DE SOLICITUDE E PARTICIPACIÓN

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2026 AS NEVES

D/D^a., con DNI, en
representación da asociación/agrupación, con
endereço para as notificacións en con
teléfono

SOLICITA

A inscrición da carroza ou comparsa
(nome da carroza ou comparsa) no Desfile de Entroido 2026 do Concello das Neves.

A comparsa conta con integrantes.

A carroza ten unhas dimensións de (longo) x (ancho) x (ancho)
metros.

Documentación que se achega:

Relación de participantes (modelo oficial). Nomear condutor/a se hai vehículo.

Autorización para participación de menores (no seu caso) e DNI do representante legal.

Copia do CIF da Asociación.

No caso de empregarse vehículos nas carrozas.

Certificado no núm. de conta bancaria, a efectos exclusivos, do ingreso do premio, no
seu caso.

ITV do vehículo ou do remolque/plataforma, de ser o caso.

Seguro do vehículo e do remolque/plataforma, de ser o caso.

Fotocopia da documentación do vehículo

As Neves, de de 2026.



RELACIÓN DE PARTICIPANTES

D/D^a.....con D.N.I.....,
en representación da asociación/grupación
.....

MANIFESTA

Que a dita comparsa/carroza conta cos seguintes membros:

D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	
D/D ^a	D.N.I
idade anos	



MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE

D/D^a, con D.N.I.
.....pai/nai/titor/titorade
....., con D.N.I.

AUTORIZA

A:, a participar
no desfile de entroido 2026 das Neves que terá lugar o domingo 8 de febreiro de 2026,
formando parte da carroza/comparsa

As Neves de de 2026

